



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA  
AXENCIA TRIBUTARIA

## **ACCIÓN SOCIAL: ESPECIALIDADE TRIBUTARIA**

Hoxe tivemos reunión de Acción Social no que a AEAT informounos do xeito en que se van pagar os gastos por dietas para todos aqueles que teñan que desprazarse ata os lugares de exame para a obtención da Especialidade Tributaria.

Tras unha consulta da AEAT á CECIR, parece ser que estes gastos non poden ser asumidos aplicando o RD de Dietas ao non existir un curso selectivo posterior ao exame.

A fórmula que vai utilizar a AEAT para pagar os gastos será a través das axudas de ACCIÓN SOCIAL, polo que vaise modificar a redacción deste texto, incluíndo a obtención da especialidade dentro dos gastos subvencionables no apartado de "AYUDAS A LA PROMOCIÓN DEL PERSONAL", para que así, todos os funcionarios poidan solicitar a compensación dos gastos de desprazamento.

A AEAT cuantifica o custo dos desprazamentos en 60.000 euros, xa que hai aproximadamente 1.700 instancias.

Desde a CIG defendemos que a Administración ten que asumir estes gastos sen minorar ningunha outra axuda do Plan de Acción Social, polo que exisimos que, no seu caso, se busque a fórmula precisa para dotar dos cartos suficientes ao Plan.

### **SEGUIREMOS INFORMANDO**

**NOTA:** Como xa saberedes, aínda non hai comunicación oficial sobre as datas do exame, pero a previsión da AEAT é de que os exames de todas as convocatorias da Especialidade Tributaria sexan o **24 DE MAIO**.

**09/04/08**

**CIG AEAT:**  
**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**  
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.  
Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44  
Fax:981 12 72 22  
cigaeat@gmail.com